



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo de aprobación provisoria de data 18 de decembro de 2020 da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de Gardería Infantil Municipal de Becerreá. Expediente núm.: 1089/2020, a medio da presente, publícase o devandito acordo na súa parte dispositiva e o texto íntegro da modificación da ordenanza en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

ARTIGO ÚNICO.-

Modifícase o artigo 6 que queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 6.- Beneficios fiscais.

a) Exencións.

Estarán exentos do pago da cota tarifada aqueles contribuíntes con rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM.

No suposto de rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM, a exención somentes alcanzará á prestación por asistencia.

b) Bonificacións.

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento en servizos distintos da atención educativa.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

Cando por circunstancias sobrevenidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.) o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cen.

Aplicarase unha bonificación do 100% na atención educativa na Escola Infantil Municipal para segundos/as fillos/as e sucesivos/as.

2. Expoñer ó público o presente acordo provisional e novo texto da Ordenanza afectada polo prazo de 30 días hábiles, tal como perceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionado Texto Refundido.

3. Elevar a definitivo, este acordo se non se presentasen reclamacións ó mesmo e continua-lo expediente ata súa conclusión, de conformidade co procedemento prescrito no artigo 17.4 e 5 do repetido Texto Refundido.

4. A referida Ordenanza fiscal modificada entrará en vigor a partires do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP e terá efectos a partires do mesmo día.”

O que se fai público facendo constar que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que comenzarán a contarse a partires do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Becerreá, 15 de xaneiro de 2021.-O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0105

BURELA

Anuncio

Expediente: 2097/2020

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 9 de decembro de 2020, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Quinto Bimestre do exercicio 2020, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 11 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0106

Anuncio

EXPEDIENTES 2136/2020 E 2137/2020. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. NOVEMBRO 2020.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 30 de decembro de 2020 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 6.859,52 €, correspondendo 1.143,60 € a libre concorrencia e 5.715,92 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 11 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0107

Anuncio

EXPEDIENTES 1954/2020 E 1955/2020. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. OUTUBRO 2020.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 19 de novembro de 2020 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de outubro de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 6.908,94 €, correspondendo 1.104,00 € a libre concorrencia e 5.804,94 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 11 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0108

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2021 DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 1181/2020

Na sesión do Pleno da Corporación celebrada o 30 de decembro de 2020 aprobase inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio económico de 2021. Ao abeiro do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se dirixirán á Alcaldía-Presidencia desta Corporación. No caso de non presentarse reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento.

Na mesma sesión indicada, en cumprimento do establecido no artigo 103.bis) da Lei 7/1985, do 2 de abril aprobouse a masa salarial do persoal laboral correspondente ao mesmo exercicio económico, ascendendo á contía de 1.102.105,33 €.

Guitiriz, 18 de xaneiro de 2021.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0139

O VICEDO

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 12 de xaneiro de 2021 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante oposición, de un auxiliar de información turística, a xornada completa, como persoal laboral temporal do Concello do Vicedo con adscrición ó servizo municipal de turismo do Concello do Vicedo (programa "Fomento do Emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020").

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días naturais, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases no taboleiro de edictos do Concello do Vicedo no blog de emprego do Concello no seguinte enderezo: empregovicedo.blogspot.com ou na páxina web www.concellodovicedo.org o una da Excma. Deputación de Lugo.

O Vicedo, 12 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0061

VILALBA

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 49 da lei 7/85 do 2 de abril, r/bases réxime local, exponse ó público durante o prazo de **20 días**, as "**BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO**", que se aprobaron por **decreto da alcaldía**, o día **18/01/2021**, có obxecto de que, a partir do mesmo día da súa publicación, xa poidan concorrer ao concurso todos os que o desexen, dentro da modalidade e categoría que se presentan nas bases.

Ditas bases poden ser consultadas no tablón de anuncios da sede electrónica <http://vilalba.sedelectronica.es/board> e na páxina web do Concello de Vilalba <https://www.vilalba.gal/>

Vilalba, 19 de xaneiro do 2021.- A alcaldesa. M^a Elba Veleiro Fernández.

R. 0140